

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 14 de outubro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as, convocado pola Orde do 22 de abril de 2019, da Consellería de Facenda, pola que se fai pública a data, o lugar e a hora de realización do terceiro exercicio do proceso selectivo.

En sesión que tivo lugar o día 14 de outubro de 2021, o tribunal nomeado pola Orde do 7 de maio de 2021 (DOG número 91, do 18 de maio), encargado de cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A1, escala superior de estatísticos/as.

ACORDOU:

Que o terceiro exercicio terá lugar o día 15 de novembro de 2021, en chamamento único que se iniciará ás 15.30 horas, na aula 7 da Escola Galega de Administración Pública, situada na rúa Madrid 2-4 (As Fontiñas) de Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e bolígrafo de tinta azul. Os/as aspirantes serán provistos de calculadora polo tribunal e quedará prohibido o uso de calculadoras distintas daquelas que se lles faciliten.

Non se permitirá o acceso ao recinto en que se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro material ou instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2021

María Isabel del Río Viqueira
Presidenta do tribunal

